



CIRCULAR 29-2023. **CONTROL FGA PISTA CUBERTA 19/02/2023**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as assembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o control FGA o día 19 de febreiro de 2023, na Pista Cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2).- Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2023) .
No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme á tempada 2022. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, farase un sorte da letra inicial do apelido.

Art.3).- As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 14 de febreiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para cada un dos controis.
Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo, o que leva unha multa de 3€ por participante ata o xoves 16 de febreiro ás 12:00, e sempre coa autorización da dirección técnica remitindo un mail a: competicion@atletismo.gal e segundo a dispoñibilidade de prazas libres. Terán preferencia os atletas das categorías Sub 16 e Sub 18

Art.4).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación.
Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.5).- Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

Art.6).- Participación:

Para a realización das saídas, aos atletas da categoría máster, seralles aplicada a normativa de saídas absoluta.



Art.7).- Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

HORARIO CONTROL FGA P.C. 19/02/2023			
HORA	CARREIRAS	CATEGORÍA	FOSO
10:00			Triplo Homes
10:10	60 mv	Sub 18 Homes	
10:24	60 mv	Sub 16 Homes	
10:40	60 mv	Sub 18 Mulleres	
10:56	60 mv	Sub 16 Mulleres	
11:00	800	Homes	Triplo Mulleres
11:16	800	Mulleres	
11:20	600	Homes	
11:36	600	Mulleres	
11:52	300	Homes	
12:08	300	Mulleres	Lonxitude Homes
12:24	200	Homes	
12:56	200	Mulleres	
13:00	60	Homes	Lonxitude Mulleres
13:28	60	Mulleres	

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA: competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 9 de febreiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo